

Os rurais

Andrés Vázquez Martínez

Nas Negradas, ás cinco da tarde, non hai ninguén. Nin ás cinco, nin ás seis, nin ás sete. Como moito, saen os poucos que quedan no lugar contra as dez da mañá, para recoller o pan que lles deixa previo pago o condutor da Panadería de Covas. Esa furgoneta estampada con Comic Sans azul é un dos poucos coches que pasan ao día. Non hai ninguén, non porque a xente estea metida na casa, senón porque non existe ninguén.

Unha desas edificacións nas que non existe ninguén é a de Jaime Polo. A casa deixou de ser fogar despois de que Jaime marchara para Suiza a tentar sobrevivir. Quedaron seus pais, que pasaron os últimos anos da súa vida co fillo retornado, mais non na súa casa, senón no Vicedo. Hoxe, o Jaime xubilado, retorna ao que foi o seu fogar algúns domingos, sinxelamente para limpar e abrir as ventás. Para que corra o aire, xa que non corre a vida.



A casa veciña da de Jaime, nas Negradas.

A casa de Jaime non é unha excepción. Sen ir máis lonxe, a casa veciña atópase nun estado próximo ao ruinoso. Basta con levantar a vista e observar As Negradas para darse conta do que está a suceder: o éxodo rural acabou ca aldea. Sen oportunidades máis aló de sementar as súas hortas e subsistir, os habitantes desta parroquia vicedense marcharon a Viveiro, ao Vicedo ou máis lonxe, a Suíza. Esquecida da man do Estado, tanto en tempos coma hoxe, As Negradas está condenada a desaparecer.

O abandono rural ven propiciado polas condicións de centralismo que se viñeron dando nos anos sesenta. A industrialización acabou co modelo galego de país, composto polos “lugares” e a economía de subsistencia. Isto, a priori, pode non ser algo malo, pois supón o avance do progreso a toda a cidadanía. Ou polo menos a parte dela, pois as aldeas quedaron, pouco a pouco, en clara desvantaxe se as comparamos cas cidades.

Os servizos das urbes non chegaron ao rural, nin na súa variante mínima. As vilas de hoxe, e xa non digamos as aldeas, non posúen sistemas de comunicacións adecuados ao non teren infraestruturas nin dispoñen de servizos sanitarios e educativos ao nivel urbano. Iso dentro do sector público, sin ter en conta o sector privado. Este último non achega os seus grandes negocios aos núcleos de poboación máis pequenos, como é de supoñer, pero en

moitas ocasións tamén deixa aos habitantes das aldeas sen produtos básicos para a vida (véxase un supermercado ou unha gasolinera).

Para ir á consulta do doutor, os veciños das Negradas deben desprazarse durante case unha hora para chegar ao hospital máis próximo, o de Burela. Para acudir ao instituto, os rapaces desta parroquia do Vicedo (que algún aínda queda) teñen que erguerse como mínimo unha hora e media antes do comezo das clases se queren chegar a tempo ao autobús que os leva a Viveiro. Se precisan axuda dunha persoa que lles axude cos traballos do fogar, dependen do Concello do Vicedo, que ofrecerá a un traballador as horas que correspondan se non se superan os niveis máximos de ingresos, patrimonio (que moitas veces é un problema) e, por outro lado, de dependencia.

A aldea que pretende a Xunta e os poderes públicos en xeral, visto o visto, podería aproximarse a algo así. Un lugar sen alma, onde cada un mira polo seu e case ten que rogar para que lle axuden. O gran minifundismo e dispersión que leva Galicia por estandarte non axudan, pois os habitantes, na súa maioría xente maior, non teñen facilidades para desprazarse nin co fin de interactuar. Son aldeas feitas coas regras das cidades, lugares onde o modo de vida non se parece ao dos centros aínda que as leis sexan as mesmas.



Interior do alpendre de Jaime nas Negradas.

Viaxando á outra punta de Galicia, no extremo sur, atopamos as antípodas deste modelo. En Lodoselo, unha poboación de menos de 150 habitantes situada en plena Comarca da Limia, teñen a proba de que hai alternativas ás aldeas que fabrica Xunta. O Centro de Desenvolvemento Rural O Viso propón un modelo de sociedade moi distinta á anteriormente presentada, poñendo o foco na cidadanía e non no individuo.



Traballando a horta en Lodoselo

Antonio Rodríguez Corbal, un dos membros voluntarios da xunta directiva, é un dos artífices deste proxecto, que leva funcionando dende que un grupo de educadores o puxera en marcha aló polos anos noventa.

Toño, como é coñecido por todos, pon o acento desta asociación na cultura de grupo que se leva dando no lugar de Lodoselo dende sempre. Foron eles, o pobo, os que construíron e dotaron de recursos a aldea, instalando coas súas propias mans a auga ou a luz públicas. “Ao toque de campá, os veciños poñíanse mans á obra”, afirma Toño. Desta herdanza de unión e progreso nace o actual CDR O Viso, que busca devolver a eses anciáns todo o que brindaron ao ben común,

ademais de ofrecer unha futuro á bisbarra.

O abandono estatal, de feito, foi un dos factores que propiciou este escenario. Ao verse lonxe da acción do ente público, non quedou outra á xente que mobilizarse pola xente. A situación, por desgraza, non variou daqueles anos ata hoxe. Segundo Toño, no rural atópanse constantemente con leis que se convirten en trabas. Ben é certo que a lei conforma o marco que a sociedade se da a si mesma para levar a cabo a súa vida, mais neste contexto rural e alonxado da acción pública pode dar lugar a impedimentos. Un bo exemplo que ofrece Toño é o do año: son máis caros os trámites administrativos para matalo e comelo na casa que compralo na carnicería... “Como van potenciar así a vida no rural?”



Toño no almacén do banco de alimentos

No CDR O Viso non loitan só contra o Estado para desenvolvemento das súas actividades. Algunha das súas dependencias son propiedade doutro dos poderes históricos: a Igrexa. A antiga casa reitoral da aldea emprégase hoxe como albergue para os grupos de excursións que veñen ao lugar. Ben, pois máis dunha vez, o bispado, dono do edificio, puxo pegas para a súa total utilización. Segundo comenta Toño, algún cura lle ten recoñecido alguna vez que se poñen tantos impedimentos é porque saben que a labor que realizan no CDR son accións nas que debería tomar parte a propia Igrexa.



Visión de Lodosedo dende o seu muiño

Pero, cales son esas actividades que se poñen en práctica nesta asociación? Dividen a súa acción social en dúas partes ben diferenciadas, aínda que ambas centradas no benestar. A primeira delas representa o coidado do pasado, centrando os esforzos nas persoas maiores que póboan Lodoselo e a súa comarca. Son maioría, como cabe supoñer, e tamén son os artífices dos progresos que a aldea tomou tempo atrás.

A outra vertente do tellado apunta ao futuro da aldea e do seu modo de vida. Nenos e adultos en idade laboral son os protagonistas, os primeiros cunha casa niño na que poden xogar e aprender, ademais de facer comunidade, e os segundos a través dos cursos e emprego que ofrece o propio CDR. Isto non acaba aquí pois, no propio centro, están a realizarse accións como as do banco de alimentos ou de casas, que aínda que teñan un nome algo similar non teñen tanto que ver.

As iniciativas que poñen o foco sobre os anciáns son as que máis éxito teñen. O servizo estrela que ofrecen é o da vivenda comunitaria, un lugar onde se acolle a persoas maiores que xa non se valen por si mesmas. Por un prezo para nada abusivo e en función da súa renda, os avós están acompañados en todo momento por profesionais que se encargan dos seus coidados. Pero non é só iso, ao estaren con outros compañeiros, comparten historias e vivencias. O proxecto inclúe residencia, coidados e comida para todos os abonados. Ante tal oferta, a vivenda está completa e saturada se solicitudes de abono, dada a calidade dos servizos ofertados.

Existe unha variante na que os anciáns simplemente acoden a comer ou reciben a súa casa a comida. “Todos queren estar na súa casa, así que facemos o servizo que podemos tendoos alí. Levámoslles a comida, ao médico especialista...”, comenta Toño. E engade: “cando xa non poden estar na súa casa teñen que trasladarse, pero nós non temos sitio para toda a xente que queredría estar aquí”. Segundo o voluntario, para os anciáns, a casa común é o paso previo ao cemiterio, pois supón perder a súa vida tal e como a coñecían. E cando isto sucede, xa non hai volta atrás. De tódolos xeitos, no CDR poñen todo o seu esforzo en que os derradeiros anos destas persoas sexan o máis cómodos e alegres posibles. Os maiores séntense acompañados e rodeados doutras persoas da súa contorna coas que se atopan realmente a gusto.

No local do comedor, moi próximo a onde se atopan as habitacións dos internos, hai varias salas para facer actividades de todo tipo. Pero o máis importante é que unha delas está adicada á saúde. Polo CDR pasan á semana un podólogo, un psicólogo, un fisioterapeuta, un terapeuta ocupacional ou o que se precise. Pero xa non é só que se oferten servizos públicos, e que tamén profesionais do sector privado están presentes de cada certo tempo para facer a súa labor. Son profesionais como un perruqueiro os que acoden, moi necesarios aínda que non os oferte a administración. Por estas accións os usuarios pagan, aínda que sempre unha cantidade pequena (nunca superior a 4’80€) e en función da súa renda.



Un home pasea por Lodoselo

Xa dentro do segundo grupo de accións débense destacar as relacionadas coa casa niño, a nova aposta do CDR O Viso. Será a primeira do Concello de Sarreaus e disfrutará de tódalas modernidades. Aínda así, veuse torpedeada polo que Toño califica de regras absurdas: “non nos deixaron nin poñer unha porta dende o comedor e as zonas de salas multiusos á casa niño, sinxelamente para que os nenos interactúen cos maiores”. Ante as queixas, a única resposta que se dá é que a norma “é así”... “Pois cambiade a norma!”, exclama Toño, entre o enfado e a resignación.

Máis aló desta iniciativa, o CDR tamén realiza accións de banco de alimentos, unha ferramenta para dotar de víveres ás persoas que o necesitan. Dáse un efecto curioso, pois



En Lodoselo tamén hai casas ruinosas

moitas das persoas que se benefician do servizo tamén son doantes. Isto enténdese porque acostuman posuír terras de labranza ou animais e, aínda que lles falte para garavanzos ou arroz, estas familias humildes son solidarias e dan ao banco de alimentos produtos que eles posúen en abundancia grazas á súa explotación, como poden ser hortalizas ou ovos. O banco de alimentos axuda tamén ás persoas que acaban de chegar á vila fuxindo da precariedade da cidade. “Veñen porque quedaron sin nada, pero non se adaptan ao sitio e así que poden marchan”, comenta Toño con pena.

Outro banco, que non funciona para nada da mesma forma, é o de casas e terras. Esta é unha iniciativa realmente innovadora, pois tenta poñer en contacto e facilitar a negociación entre as partes dentro do marco da compra dunha casa no entorno de Lodoselo. Isto, coma outras accións do tipo de cursos profesionais ou talleres, propician que a xente que se achega á bisbarra acabe quedándose a vivir. Con estes últimos, tanto forasteiros coma paisanos aprenden os oficios do campo e ven as posibilidades que este lles ofrece. O complemento da casa dalles motivos aos foráneos para quedar.

Do proxecto do banco de casas aproveitouse Fran. Como Toño di, o seu é un caso “espectacular”, pois, ademais da curiosidade do asunto, a historia deste pontevedrés fai pensar que o modelo de aldea que se pon en práctica en Lodoselo realmente funciona.



Fran xunto ao loro na súa casa

Fran, anos atrás, foi heroinómano. Segundo conta, volveu de Catalunya co único fin de acabar ca súa adicción. “Me vi en el espejo y dije... o me voy o me muero”, afirma Fran ao respecto, con toda a frialdade do mundo. Colleu unha furgoneta, deixou as drogas e os cartos atrás e, case como unha feliz casualidade, rematou na aldea de Lodoselo. Grazas á intervención do CDR, Fran conseguiu un fogar. Unha das señoras que estaban na casa común cedulle a casa e, ao finar esta, os herdeiros

negociaron con el e co centro un prezo adecuado. O sistema é similar a unha hipoteca: acórdase un prezo e págase a prazos.

Fran, a día de hoxe, é unha peza fundamental no lugar. Representa os valores da superación e do esforzo, que se ven plasmados en cada unha das súas accións. É un home cuxos valores marcan os seus pasos: o respecto, a solidariedade e a servizalidade. Este fillo adoptivo de Lodoselo pasa o día axudando aos seus veciños, dos que se tivo que gañar a confianza. Trátase dun *quid pro quo*: Fran ofrece o seu traballo físico e eles lévanlle chourizos, pasteis, verduras... O que teñan. Non importan os cartos, pois traballando consegue manter a cabeza ocupada e ademais prestar un servizo.

É moi crítico co sistema, sobre todo no referente ás súas accións sociais, que el cuestiona. Segundo comenta, os proxectos postos en marcha co fin de desintoxicar aos consumidores de droga non son útiles: “tengo amigos que venden la metadona que le dan en el centro y compran heroína”. Manifesta, co seu loro pousado sobre os brazos, que a administración prefere mantelos controlados e “atontados” que realmente recuperalos e reinsertalos na sociedade. Algo que el si conseguiu en Lodoselo, volver a alcanzar ese benestar da man dos seus veciños e amigos. É por iso que este exemplo proba como o modelo do Viso é moi recomendable para outras aldeas, pois non só saen gañando os autóctonos, tamén os forasteiros que rematan por quedar na aldea.

As Negradas fronte a Lodoselo. O Estado fronte á xente. O abandono e o individualismo fronte á cultura de grupo. As iniciativas do CDR O Viso mostran un camiño que, sen problema ningún, podería seguir a administración nas súas políticas sobre o rural. Ben por desinterese, ben por falta de necesidade para os seus intereses ou ben por falta de protestas populares, o sector público compórtase como o privado e esquece á súa xente do rural. Non todo son flores na aldea do municipio de Sarreaus, pois tamén son máis as casas baleiras como as con vida, pero polo menos está a funcionar unha iniciativa que propón un modelo para o futuro do mundo rural.

“Gastouse tanto aquí como nós en facer a vivenda comunitaria”, exclama Toño sinalando unhas mesas de pícnic de pedra e cheas de herba, e sentenza: “mira o servizo que fai isto e o que fai aquilo”. Sen unha xestión responsable, tal como exemplifica Toño, vai ser imposible prosperar para a xente do rural. É importante que remate o esquecemento constante da administración cara ao rural se queremos que este continúe a ter futuro. Mentres, coma sempre se fixo en Lodoselo e se continúa a facer, a xente mira pola xente.